

## NORMAS DA ESCOLA DE INTERPRETACIÓN DE ÁRTIKA

### CUROS 2020-2021

Neste curso que dará comezo no mes de setembro de 2020 e por mor do acaecido polo estado de alarma motivado polo COVID-19, a nosa escola implantou unha serie de protocolos a seguir para procurar a tranquilidade d@s alumn@s maiores e das nais e pais dos máis pequenos da escola. Para conseguilo necesitamos a vosa colaboración:

Ártika colocará en cada aula un dispensador de xel hidroalcohólico para que cada participante da clase, sexa profesor ou alumno, o utilice antes de entrar e ao rematar a actividade. Controlarase a temperatura dos participantes, e ningún alumno sen excepción poderá asistir á clase con máis de 37°. E moi importante a responsabilidade tanto dos pais e nais dos máis pequenos como dos adultos, para que ninguén asista se ten algún síntoma.

Despois de cada clase procederase á nebulización da aula con desinfectantes viricidas autorizados polo Ministerio de sanidade (segundo norma UNE EN 14476), por este motivo o tempo de inactividade na aula será de 30 min entre a finalización dunha clase e o comezo da seguinte. Isto tamén axudará a evitar aglomeracións no cambio de clase.

Cada aula contará cun espazo destinado a gardar o calzado que @s alumn@ traen de fora, sendo indispensable que contén cun calzado específico para as clases, ou un par de calcetíns con antideslizante para realizar a actividade. Este espazo será desinfectado despois de cada clase.

O uso de mascarilla é obrigatorio, tanto para @s profesor@s como para @s alumn@s.

Por mor da desinfección e o tempo de inactividade necesario para a mesma, algúns horarios de clase vense afectados para garantir a correcta hixiene dos espazos de traballo.

Nas clases de interpretación, danza e comedia musical, o aforo das clases se reducirá sen excepcións a 10 alumnos por grupo. Por este motivo e segundo a demanda de prazas, abranse novos cursos e horarios para as actividades máis solicitadas. No caso de danza aérea, o aforo se reduce a 4 participantes por grupo, para que os mesmos NON compartan a tela durante a clase. As mesmas serán nebulizadas ao rematar a actividade quedando listas para o seguinte grupo.

Co fin de eliminar o uso de efectivo, o pago das actividades da escola, realizarase por **domiciliación bancaria**, enviando cada mes a factura correspondente ao correo que se indique a estes efectos. No caso de devolución de recibos cargaranse os gastos de xestión que a entidade bancaria impute.

Para paliar unha parte dos custos orixinados polas medidas hixienico-sanitarias que implantamos, vémonos na obriga de modificar o prezo das nosas actividades, deste xeito, as actividades de pre-teatro, teatro infantil, pre-adolescentes e adolescentes, pasa de 25,- €/mes

a **30,-€/mes** (no caso de que asistan irmáns ás clases, seguirán pagando 25,-€/mes cada un deles). En canto ás clases de adultos pasarán de 30,-€/mes a **40,-€/mes**.

Esperamos apoien e entendan as medidas tomadas, estamos ao voso dispor para calquera consulta ou suxerencia que poidan aportar.

A continuación detallamos o funcionamento das clases:

@s **profesor@s** deberán:

- Estar na aula asignada pola dirección da escola 30 minutos antes de comezar as clases. Neste período de tempo deberase ter todo o material preparado co fin de ser puntuais cos horarios previstos.
- Pedir e entregar a listaxe de asistencia cada mes.
- Comprobar a asistencia d@s alumn@s mediante a listaxe entregada pola escola.
- No caso de non poder asistir a clase deberá informar con 48 horas de antelación a escola, co fin de poder substituílo ou poder avisar aos alumn@s de calquera modificación.
- Comprobarán que cada alumn@ utiliza o xel hidroalcohólico e que entra cun calzado diferente ao empregado na calle.
- Rematar puntualmente co fin de poder realizar as labores de desinfección necesarias para unha correcta hixiene dos espazos.
- Desinfectar o espazo empregando os medios de hixiene aportados pola Sala ao finalizar a clase para garantir a seguridade tanto aos alumnos como do persoal de sala.
- Evaluarán a evolución del alumno para poder facer a mostra final de curso.

Os **alumnos/as** deberán:

- Ser puntuais cos horarios asignados. Calquera atraso deberá informarse ao profesor.
- Acudir as clases con: **roupa cómoda** ou vestiario para cambiarse,  **mascarilla**, **calzado para empregar unicamente nas aulas** e unha botella de auga. Nas clases dos nen@s non se permitirá merendar na aula polo que terán que facelo antes ou despois da actividade.
- Considerar e respectar aos seus compañeir@s.
- Coñecer e informar da súa participación nas datas asignadas para as mostras finais. Estas son: **25, 26, e 27 de Xuño, 02, 03, 04, 09, 10 e 11 de Xullo de 2021**.
- No caso de que @ alumn@ non queira participar na mostra final de curso deberase **informar ata o 31 de Xaneiro** como máximo.

A Sala Ártika fará entrega dun **CARNÉ DE ALUMNO/A** no que o seu titular terá os seguintes beneficios:

- @s alumn@s menores de idade **poden entrar gratis aos espectáculos infantís** programados na nosa sala. Soamente pagarán os **acompañantes 5€ por entrada**.
- @s alumn@s adultos poderán adquirir entradas a prezo de anticipada na taquilla **para o/a titular e un acompañante**. Efectuaráselle un desconto de 4€ sobre o prezo da **Entrada Xeral (14€)** podendo adquirir cada entrada a 10€.

No curso 2020-2021 non haberá clase:

- Os festivos:
  - 12 de outubro 2020
  - 07 e 08 de decembro de 2020
  - 19 de marzo de 2021
  - 17 de maio de 2021.
- Vacacións de Nadal: do 23 de decembro de 2020 ao 07 de xaneiro de 2021.
- Entroido: 15, 16 e 17 de febreiro de 2021.
- Semana Santa: do 29 de marzo ao 05 abril de 2021.